


# Plan de Convivencia

C.E.I.P Francisco Vales Villamarín



2015-16

## ÍNDICE

<b>Introdución.....</b>	<b>2</b>
<b>1. Fins e principios informadores das normas sobre convivencia.....</b>	<b>3</b>
<b>2. Análise da situación: .....</b>	<b>3</b>
2.1.O centro e o contorno.	
2.2.Aspectos da xestión e organización do centro que inflúen na convivencia.	
2.3. Estado das relacións e da participación das persoas na vida do centro.	
2.4. Conflitividade detectada no centro.	
2.5. Actuacións desenvolvidas no ámbito da convivencia e efectividade destas.	
<b>3. Obxectivos específicos do Plan de Convivencia.....</b>	<b>18</b>
<b>4. Descrición das actuacións que se van desenvolver para favorecer a convivencia .....</b>	<b>19</b>
a)Actuacións organizativas, curriculares e de coordinación.	
b)Actuacións dirixidas a garantir a participación da comunidade educativa	
c)Actuacións dirixidas á prevención de condutas contrarias ás normas de convivencia.	
<b>5. Protocolo de acoso escolar .....</b>	<b>21</b>
<b>6. Concreción que se vai seguir para o seu desenvolvemento e execución .....</b>	<b>22</b>
a) Actividades de acollida.	
b)Actividades fronte aos casos de acoso e intimidación entre iguais.	
c)Actividades dirixidas á igualdade entre homes e mulleres.	
d)Actividades dirixidas á non discriminación por diferentes motivos.	
e)Medidas de carácter organizativo para a vixilancia dos espazos e dos tempos.	
<b>7. Normas de convivencia do centro coa concreción dos dereitos e deberes .....</b>	<b>26</b>
<b>8.Establecemento das condutas contrarias á convivencia e correccións .....</b>	<b>32</b>
<b>9.Normas específicas para a composición e o funcionamento da comisión de convivencia.....</b>	<b>36</b>
<b>10. Mecanismos de coordinación e colaboración.....</b>	<b>37</b>
<b>11. Estratexias para realizar a difusión do Plan de Convivencia.....</b>	<b>38</b>
<b>12. Procesos de seguimento, avaliación e mellora do Plan de Convivencia .....</b>	<b>38</b>
<b>13. Base legislativa.....</b>	<b>39</b>

---

## INTRODUCCIÓN

En tódalas organizacións se dan, de forma natural, os conflitos; son algo propio do ser humano e as súas interaccións sociais. Polo tanto, é absolutamente normal e esperable que tanto nas aulas coma nos centros educativos se produzan conflitos de xeito continuado, máis nun centro das dimensións do noso.

O conflito foi, e é valorado masivamente pola opinión pública en xeral coma algo negativo que se debe evitar a toda costa. Sen embargo, cada vez máis sociólogos, psicólogos e pedagogos veno como algo necesario na evolución das sociedades humanas e danlle o valor de factor de renovación e de cambio en toda a comunidade. Queremos situarnos nesta última postura e asumimos unha perspectiva para afrontar os conflitos como oportunidades de transformación, creando alternativas de solución pacífica e equitativa, co fin de mellorar a convivencia no centro educativo.

Case tódolos autores que tratan o tema entenden o conflito coma algún tipo de incompatibilidade na interacción entre persoas. Estamos de acordo coa definición que fai Torrego, para quen “Os conflitos son situacións nas que dúas persoas están en oposición ou desacordo, porque as súas posicións, intereses, necesidades, desexos ou valores son incompatibles e onde xogan un papel moi importante as emocións e os sentimentos” (Torrego, 2003).

Neste punto, a atención que debemos prestar ao desenvolvemento das emocións é fundamental. Así mesmo, a atención aos valores que cada persoa vai interiorizando determinan en gran medida a súa personalidade e orientan a súa conduta. Por iso consideramos que é preciso promover, dende as primeiras etapas do ensino infantil a educación en valores asociados á promoción da convivencia e ao rexeitamento da violencia, como fórmula de prevención, a longo prazo, de comportamentos violentos nas relacións coas demais persoas e como fundamento da convivencia pacífica, democrática e solidaria. Dous tratados internacionais contemplan os dereitos de tódolos seres humanos: a Declaración Universal dos Dereitos Humanos (1948) e a Convención de Nacións Unidas sobre os Dereitos do Neno (1989). Deles extraírense os valores fundamentais: paz, liberdade, responsabilidade, participación, respecto, dignidade, igualdade, diversidade, xustiza e solidariedade. Valores que non só se traballarán segundo os manuais e programas educativos correspondentes, senón tamén integrados nun clima institucional adecuado, caracterizado fundamentalmente pola vivencia cotiá dos valores que se queren transmitir. É necesario que o clima escolar sexa o máis propicio, un lugar de participación, de respecto, de valoración das diferenzas individuais e de grupo; un lugar que posibilite o exercicio de valores a diario, nas aulas, nos patios, nas instancias de decisión; un lugar protector dos dereitos e responsabilidades, do alumnado, do profesorado e do resto da comunidade educativa.

## FINS E PRINCIPIOS INFORMADORES DAS NORMAS DE CONVIVENCIA.

As normas sobre convivencia nos centros docentes establecidas na lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, oriéntanse aos seguintes fins, que informarán a súa interpretación e aplicación:

- a) A garantía dun ambiente educativo de respecto mutuo que faga posible o cumprimento dos fins da educación e que permita facer efectivo o dereito e o deber de aproveitar de forma óptima os recursos que a sociedade pon a disposición do alumnado no posto escolar.
- b) A educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas.
- c) A prevención e tratamento das situacións de acoso escolar mediante medidas eficaces.
- d) O recoñecemento ao profesorado, en especial aos membros dos equipos directivos dos centros docentes, das facultades precisas para prever e corrixir as condutas contrarias á convivencia, así como da protección xurídica adecuada ás súas funcións.
- e) A co-responsabilidade das nais e pais ou das titoras ou titores no mantemento da convivencia nos centros docentes, como un dos principais deberes que lle corresponden en relación coa educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.
- f) Promover a resolución pacífica dos conflitos e fomentar valores, actitudes e prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas.
- g) Avanzar no respecto entre todos os membros da comunidade educativa e na mellora da convivencia escolar.
- h) A promoción da sensibilización dos distintos sectores que interveñen na educación sobre a importancia da convivencia como parte fundamental para o desenvolvemento persoal e social do alumnado.

## 2. ANÁLISE DA SITUACIÓN

### 2.1. Características do centro e do seu contorno.

Trátase dun centro de titularidade pública. Os seus datos referenciais son os seguintes:

Denominación: C.E.I.P. Francisco Vales Villamarín

Enderezo: Rúa Carregal, 4- 15300 Betanzos (A Coruña)

Tlfno e fax: Tlfno. 981 77 0017 fax 981 77 64 81

Código do centro: 15001124

Correo electrónico: Ceip.vales.villamarin @edu.xunta.es

Páxina web: [www.edu.xunta.es/centros/ceipvalesvillamarin](http://www.edu.xunta.es/centros/ceipvalesvillamarin)

Atópase nunha vila histórica, cidade turística cun grande patrimonio arquitectónico e ecolóxico (reserva da biosfera pola cunca do Mandeo), situada xeograficamente de forma privilexiada, preto do mar e das urbes de Coruña, Sada e Miño, camiño de Santiago e centro comercial dos pobos rurais próximos. A súa poboación é de 10 000 habitantes no casco urbano e de 3 000 na parte rural. Trátase dunha cidade con actividade comercial, con actividade agrícola e de turismo e, cidade- dormitorio para grande parte da poboación que traballa en poboacións próximas. O nivel económico das familias da comunidade escolar é diverso, coma en calquera centro público semiurbano, aínda que nos últimos anos abundan familias que precisan algunha axuda económica, ademais das familias inmigrantes que Betanzos foi acollendo.

O CEIP Vales Villamarín é un centro grande, de 43 unidades, que escolariza ao alumnado da cidade de Betanzos e, en primaria, tamén aos dos concellos rurais limítrofes de Coirós e Paderne, acadando matrículas de ata 986 alumnos, coma a do presente curso; 30 unidades corresponden a Primaria e 13 a Infantil. O persoal que atende o centro é tamén numeroso: 67 docentes, 2 coidadoras escolares, 9 persoas encargadas da administración e servizos e o persoal de comedor.

As instalacións atópanse fóra do casco urbano, son veciñas do IES Francisco Aguiar e dunha oficina da Xunta. Comprenden tres bloques dentro do recinto, comunicados entre si, e outro separado. Este curso comezamos unha nova distribución, que nos permite gozar de máis espazo. No primeiro bloque, o máis antigo, Bloque A, hai dous edificios de tres plantas; no primeiro atópase a entrada principal, administración, dirección, salas de uso común (biblioteca, informática, sala de usos múltiples e comedor), ademais das aulas de 4º, 5º e 6º de Primaria, unha en cada planta, e as aulas de desdobre, Inglés e Música. No segundo bloque, sitúase 2º e 3º de Primaria, con cadansúa aula de PT, aula de Inglés e de desdobre, na primeira e segunda planta, deixando as aulas de E.F, Relixión e Plástica na planta baixa. O edificio B, que antes estaba dedicado a E. Infantil, aloxa a 1º de Primaria, coas aulas de especialidades necesarias, aula- cociña para primaria, Orientación e aulas de PT e AL. Dous patios exteriores, un patio interior e un pavillón rematan as instalación que se atopan dentro do recinto de Primaria. O edificio de Infantil, máis recente, atópase aproximadamente a medio quilómetro, seguindo a beirarrúa da estrada do Carregal e cruzando unha vía que vai para o centro de saúde. Tamén contén as aulas necesarias, despachos, biblioteca e sala de usos múltiples, ademais de cociña e comedor e patios exteriores de recreo.

Os servizos que ofrece o centro son dez liñas de transporte gratuíto para o alumnado que lle corresponde e unha liña privada para os alumnos de máis preto. Moitos alumnos usan o transporte particular e outros camiñan dende a súa casa, dada a proximidade e a accesibilidade. Tamén se ofrece servizo de comedor a un gran número de alumnado, cada ano crecente, atendido por persoal contratado para ese fin. Pola tarde, en convenio coa ANPA, desenvólvense actividades Extra-escolares e deportivas, de 16:00 a 18:00 h, dentro das instalacións, atendidas polos monitores correspondentes e vixiado polo profesorado.

O alumnado distribúese dentro do centro en grupos de máis de 20 por aula. Maioritariamente, son castelán- falantes e obsérvase unha situación diglósica con respecto á lingua galega. Están escolarizados aproximadamente un 8% de alumnos nados fóra de España e procedentes, na súa maioría de países de fala hispana e con coñecemento da lingua. O número de alumnos de NEAE supón un 14 % do total, unha porcentaxe suficiente para que este plan sexa moi necesario, igual que o Plan de Atención á Diversidade. A opción de docencia de relixión católica supón a maioría.

O profesorado é, na súa meirande parte, definitivo no centro e procedente da contorna. Estrutúrase en equipos de nivel en Primaria e en ciclo en Infantil, formando así grupos de traballo coherentes nesta grande magnitude de persoal. Os distintos equipos de profesorado son moi importantes para este fin organizativo.

## **2.2. Xestión e organización do centro.**

Para a consecución dos obxectivos curriculares, tamén para os relacionados coa mellora da convivencia, ten unha grande importancia a organización escolar. Enumeramos os recursos, materiais, distribución e normas de uso de toda a infraestrutura compartida ao longo do tempo escolar, así coma os documentos que regulan a organización xeral do centro.

### 2.2.1. Materiais, recursos, usos e normas de convivencia.

- 2.2.1.1. Horarios
- 2.2.1.2. Entradas e saídas do centro e das aulas.
- 2.2.1.3. Tempo de recreo e uso das instalacións.
- 2.2.1.4. Uso da imaxe.
- 2.2.1.5. Aseo e limpeza.
- 2.2.1.6. Instalacións comúns e o seu uso
- 2.2.1.7. Recursos materiais e o seu uso.
- 2.2.1.8. Actividades complementarias e extra- escolares.
- 2.2.1.9. Comedor escolar.
- 2.2.1.10. Servizo de madrugadores/as.
- 2.2.1.11. Transporte escolar.
- 2.2.1.12. Organización administrativa e económica.

#### 2.2.1.1.- Horarios

-O horario de clase é de 09:00 horas a 14:00 horas

-Establécese como período de atención ás familias ou titores/as do alumnado dende as 17:00 horas ata as 18:00 horas de tódolos martes lectivos; as entrevistas realizaranse previa cita solicitada aos mestres.

-Na PXA figuran os horarios de aula e de profesorado e o calendario de avaliacións.

-As sesións de avaliación celebraranse nas datas previas á entrega de Boletíns Informativos aos pais. Nelas participarán os profesores/as-tutores/as, os/as especialistas, orientadora e Equipo directivo.

#### 2.2.1.2.- Entradas e saídas do centro e das aulas.

-Os alumnos/as accederán as súas aulas á hora establecida: 9:00 horas. Subirán ás súas aulas ordenadamente, acompañados do profesorado cos que vaian ter clase a continuación. Dedicarán quince minutos á lectura, que estará incluída na primeira sesión, tal como figura no Plan Lector do centro.

-A conserxe será a encargada de indicar o momento da entrada mediante o toque do timbre

-Os alumnos/as permanecerán no patio cuberto ou nas pistas ata escoitar o timbre . As cancelas exteriores permanecerán abertas a lo menos quince minutos antes da hora de entrada e accederán ao Centro polas portas designadas a tal efecto.

-O alumnado de Educación Infantil accederá ás súas aulas ao mesmo tempo que o de primaria (agás os nenos de 4º que terán horario de adaptación os primeiros días) no momento indicado.

-Dez minutos despois da hora de entrada, a conserxe encargarse de pechar tódalas portas de entrada ao recinto escolar. De chegar tarde, o/ alumno/a, accederá chamando ó porteiro automático e o adulto que o acompañe asinará na Secretaría nun impreso o motivo polo que chega tarde. Se ven só/a traerá ao día seguinte un xustificante no que exprese o motivo do atraso.

-O/a profesor/a tutor/a anotará as faltas dos/as alumnos/as nas listas de control. Neste parte de faltas catalogaranse como xustificadas ou non xustificadas, debéndose rexistrar no Xade e gardar a lista.

-Ningún/a alumno/a poderá saír de clase antes das horas establecidas, a non ser por un caso excepcional, co consentimento do/a profesor/a e recollido por un familiar ou persoa autorizada. O acompañante asinará na secretaría a ausencia do alumno.

-Ningún/a alumno/a poderá permanecer nos andares, patios, etc., unha vez teñan comezado as clases.

-Á hora do recreo e ao rematar as clases, o/a profesor/a que lle corresponda coidará de que os/as alumnos/as abandonen a aula deixando o mobiliario e o material ordenado.

-Tanto nas entradas como saídas os/as mestres/as encargaranse de manter a orde en portas, andares e escaleiras e faranse de acordo coas instrucións establecidas para evitar cruces, atascos ou perigos innecesarios, tal e como figuran no protocolo de entradas e saídas na PXA.

-Á hora das saídas e entradas os/as pais/nais deixarán e recollerán aos nenos/as no exterior do colexio, co fin de evitar atascos diante da porta. Como norma xeral, os familiares non poden acompañar aos nenos/as aos patios para evitar aglomeracións nos mesmos.( Só se fará en casos excepcionais).

Como norma xeral, o/a alumno/a poderá saír do Centro ou aula só con causa xustificada. Cando un/a alumno/a necesite saír, daranse os seguintes pasos:

-Saídas do Centro para consulta médica ou outra causa similar xustificada.

En todo momento o titor será coñecedor dos feitos.

O/a alumno/a deberá ser recollido no Centro polo pai, nai, titores legais ou persoa debidamente autorizada, responsabilizándose de canto puidera acontecer ao/a alumno/a nas horas de ausencia do Centro. O/a acompañante asinará na secretaría a ausencia do/a alumno/a.

Casos de enfermidade manifesta na aula.

-O profesor que imparte clase ó alumno/a que se atope mal, comunicarllo ao titor ou, en ausencia deste ao Director. Chamarase á familia para que veña a recollelo, de ser necesario.

Casos de accidente.

-Cada titor/a terá na aula un arquivador coas fotocopias das cartillas de seguro, de vacinacións e das posibles alerxias. Para maior seguridade, nas aulas en que hai nenos/as alérxicos/as figurará un distintivo na porta.

-Se non reviste gravidade, avisarase á familia coma no caso anterior.

-De considerarse necesaria a atención médica, seguirase a liña de actuación tal e como se indica no Plan de Autoprotección.

-En caso de accidente dos nenos, segundo recolle o punto 12.2 do capítulo IV da orde do DOG 2/9/97 hai que avisar aos pais, se non puideran vir, ou si o caso fora urxente, chamarase sempre ao 112 e acompañará ao/a alumno/a o seu titor/a ou un/a mestre/a calquera.

-Nas aulas exporase nun lugar visible unha lista dos/as alumnos/as ou alumnas que teñen problemas de alerxias ou enfermidades graves.

-Hai unha lista de alumnos/as con problemas de saúde que deben ser coñecidos/as pola comunidade escolar para incluílos no programa ALERTA ESCOLAR.

Para estes casos, seguirase o Protocolo de Urxencias Sanitarias establecido, así como as addendas que correspondan:

[http://www.edu.xunta.es/portal/sites/web/files/urxencias\\_sanitarias\\_e\\_enfermidade\\_cronica\\_completo\\_.pdf](http://www.edu.xunta.es/portal/sites/web/files/urxencias_sanitarias_e_enfermidade_cronica_completo_.pdf)

[http://www.edu.xunta.es/portal/sites/web/files/addenda\\_diabete\\_completo.pdf](http://www.edu.xunta.es/portal/sites/web/files/addenda_diabete_completo.pdf)

### 2.2.1.3. Tempo de recreo e uso das instalacións.

-No tempo do recreo os/as alumnos/as permanecerán nos patios do colexio, no pavillón polideportivo, na biblioteca ou na sala de usos múltiples (xogos de mesa). Excepcionalmente e por indicación dun/a mestre/a, poderán permanecer na aula en presenza deste/a.

-A vixilancia dos recreos nos lugares antes mencionados por parte dos/as mestres/as é obrigatoria e haberá de cumprirse coa máxima puntualidade de acordo co calendario establecido a principio de curso.

-Non están permitidos os xogos que supoñan molestias ou perigos para os demais así como traer obxectos agresivos ou molestos: globos de auga, balóns de coiro, dardos, navallas, etc.

-Entrarase no edificio despois do toque de sirena e farase seguindo as instrucións dos mestres.

-Durante o recreo utilizaranse os aseos do patio e, mediante permiso dos/as mestres/as vixiantes, a entrada ás instalacións interiores permitidas e os aseos correspondentes a elas.



-Non está permitido subirse aos valados, varandas, canastras, espaleiras, porterías, tirar obxectos ao tellado do patio cuberto e saírse fóra do recinto escolar.

-Se xurde algún problema no tempo do recreo, os/as alumnos/as deberán dirixirse aos/as mestres/as de garda.

-No caso de accidente ou calquera outro problema que precise que o/a alumno/a vaia á Secretaría, terá que ser acompañado por un/a mestre/a vixiante.

-As envolturas de comidas e outros obxectos rexeitables depositaranse nas papeleiras e contedores de lixo que a tal efecto se atopan repartidos polo patio.

-Os días que, por protocolo de choiva, os/as alumnos/as teñan que permanecer nas aulas, estarán vixiados polos profesores de garda de recreo co cambio de situación previamente acordado, que figura nas instrucións da PXA.

-O uso das pistas polideportivas estará supeditado ao campionato de fútbol e "brilé" que se leva a cabo no centro.

-Os días de moita choiva o alumnado de 2º, 3º e 4º que baixe ao recreo permanecerá dentro do patio cuberto. Estes días non se permitirá o xogo con balóns e os/as mestres/as que teñan garda vixiarán que os alumnos/as non saian e se mollen.

-Nas entradas tanto da mañá como dos recreos, acompañará aos/as alumnos/as o/a mestre/a que teña clase con eles.

-No patio cuberto, o xogo de "brilé" é o único con pelota que se permite, agás os días de choiva.

-No patio exterior, todo o alumnado respectará as zonas de xogo sen pelota. Só se poderá xogar con pelotas de materiais brandos, quedan excluídos os de materiais duros ou de coiro que poidan causar danos. Así mesmo, débese respectar o espazo de xogo, sen interferir.

-O pavillón polideportivo pódese usar no tempo de recreo, estará vixiado polos mestres especialistas e deberanse respectar as normas de uso acordadas para evitar o seu deterioro: non se usarán patíns nin aparellos que poidan deteriorar a pista, usarase calzado deportivo ou calzado con sola de goma ou caucho. Deberase comer no exterior.

-O alumnado pode asistir á biblioteca ou á sala de xogos ata que falten dez minutos para o remate do recreo, respectando as normas de uso destas salas.

#### 2.2.1.4. Uso da imaxe

É recomendable ter, en lugar visible, unha lista de alumnos ou alumnas que non teñan autorizado o uso da imaxe, desta forma os/as mestres/as que, non sendo tutores/as dese/as alumnos/as e que, por calquera motivo, teñan que estar nesa clase, deben estar informados ao respecto.

#### 2.2.1.5. Aseo e limpeza

Todos os membros da Comunidade Educativa, están obrigados a asistir ó colexio correctamente vestidos e aseados.

Cando un/a alumno/a, a xuízo do/a profesor/a, manifeste a presenza de parasitos, comunicáraselle á súa familia, para que esta adopte as medidas precisas.

Toda queixa que reciban os/as mestres/as das familias en relación a este tema, debe ser inmediatamente comunicada ao Director, quen adoptará as medidas que estime oportunas.

Na colaboración con Asuntos Sociais do Concello, os/as titores/as vixiarán a adecuada vestimenta e hixiene dos seu titorandos/as, para comunicar calquera incidencia.

#### 2.2.1.6. As instalacións e a súa utilización.

-Os corredores son zonas de tránsito dunhas dependencias a outras e non zonas de xogo ou de castigo. Débese circular por eles con calma, sen correr ou emitir gritos, sen usar balóns ou calquera instrumento de xogo ata chegar ao patio ou pista correspondente. O alumnado debe ter permiso para circular polos corredores e non usalos libremente durante os cambios de clase.

-Os aseos poden ser utilizados polo alumnado que se atope nese momento na planta, ben durante o horario de clase ou de recreo, facendo un uso correcto. Non está permitido reunirse neles e usaranse baixo o permiso e a responsabilidade dos mestres/as, que supervisarán o seu perfecto estado de limpeza. O papel hixiénico estará sempre a disposición do alumnado dentro das distintas aulas.

-As aulas asignadas a cada titoría serán responsabilidade do/a titor/a, así como o correcto uso e mantemento do seu contido, inventariado a finais de cada curso, comunicando, durante o curso, ao Equipo Directivo o deterioro que se produza e/ou as necesidades que se detecten. Os/as alumnos/as que permanezan na aula fóra do horario de clase, farano baixo a responsabilidade do/a titor/a. As aulas asignadas a cada especialidade, incluído o pavillón polideportivo, serán responsabilidade do profesorado correspondente, tendo coidado do material das mesmas e vixiando o movemento do alumnado e estancia nas mesmas. O uso das distintas aulas está organizado dende principio de curso e calquera modificación contará sempre co permiso do profesorado responsable.

-A biblioteca estará atendida durante todo o horario lectivo polos/as mestres/as do Equipo de biblioteca, que realizará as actividades programadas para o curso (PXA) e custodiará o material e o seu uso por parte do alumnado e do profesorado e controlará o préstamo de libros. Esta aula disporá dun horario de uso que estará exposto á entrada, así como do horario de atención do profesorado responsable. A sala deberá quedar en perfecto estado cando remate a actividade, sendo responsable o profesor que a teña utilizado.

- As outras dependencias (aula de informática, aulas de Música, aulas de Inglés, aulas de desdobre, de Plástica, salas de usos múltiples, dirixiranse polas mesmas normas que as outras aulas, contando co profesorado responsable no seu uso, que controlará o material e as actividades, así como o tránsito e correcto comportamento do alumnado usuario.

#### 2.2.1.7. Recursos materiais: Uso e organización.

Todos os materiais e recursos do Centro, están ao servizo de todos os membros da Comunidade Educativa; é polo tanto, deber de todos coidalos e usalos correctamente. O deterioro nos mesmos deberanse comunicar ao Equipo Directivo para a súa restauración e reposición.

- O material que o centro compra para uso común estará gardado na secretaría, sendo responsable do mesmo a secretaria do centro. O material inventariado en cada aula, permanecerá na mesma.
- O material informático usarase segundo o establecido e será responsabilidade do profesorado correspondente a cada aula, informando ao responsable TICS ou ABALAR de calquera incidencia sobre o mesmo.
- Os material de Música estará gardados na aula de Música e o de Educación Física no almacén do patio interior ou no pavillón e os responsables serán os/as profesores/as especialistas de cada materia.
- O resto do material do centro localizarase no almacén.
- En canto ao fondo de libros de préstamo, ao fin do curso, concluído o período lectivo, seguirase o proceso coma en todos os centros da Xunta, cada titor/a revisará os libros de texto e procederá ao seu rexistro. Quedarán na aula correspondente ata que comece de novo o curso. Confirmarase o perfecto estado de cada un, para que o/a usuario/a teña dereito a solicitar axuda ou préstamo para o curso seguinte.

#### 2.2.1.8. Actividades complementarias e extra- escolares.

Todo o alumnado ten dereito a participar nas actividades complementarias programadas ao longo do curso. Son actividades dentro do horario lectivo e a asistencia é obrigada, salvo xustificación. O centro encargarase economicamente de que ninguén deixe de asistir por falta de medios, se foran precisos. Os pais estarán debidamente informados delas e das súas condicións, e asinarán a súa autorización cando sexa preciso. Estas actividades, previstas na PXA, estarán organizadas e xestionadas polo Equipo de Actividades Extra- escolares, informada a Xefatura de Estudos previamente para organizar ao persoal que poida estar implicado ou afectado durante a súa realización.

Cando o número de alumnos/as supere os vinte e cinco dentro da localidade e os vinte fóra, serán acompañados, ademais de polo titor/a, por un especialista de apoio.

As actividades extra- escolares son as programadas polo Centro ou patrocinadas pola ANPA, Concellos, asociacións deportivas, etc, que se realizan fóra do horario escolar e foron autorizadas polo Consello Escolar. Aquelas que se realicen no propio colexio, en horario de 16:00 a 18:00 horas e de luns a venres, ámbolos dous incluídos, corresponden á supervisión de tódolos mestres/as do Centro, en quendas de dous, organizados pola Xefa de Estudos. Estes exercerán as funcións de control do normal desenvolvemento das propias actividades e exercicio de autoridade en representación do Colexio. Cando se realicen fóra dese horario, organismo patrocinador será o responsable de todo canto poida acontecer nesas horas no Centro.

#### 2.2.1.9. Comedor escolar.

O comedor escolar funciona no recinto de Primaria e no edificio de Infantil, en horario de 14:00 a 16:00, xestionado pola ANPA, a través dun servizo de "catering" da empresa SERUNION. A persoa encargada do persoal vixiante informa do seu seguimento á Dirección do Centro.

#### 2.2.1.10. Servizo de madrugadores.

As familias que así o desexen, poden facer uso deste servizo de almorzo par os seus fillos/as dende as 7:30 ate as 9:00 horas, para a conciliación da vida familiar. Tamén segue a mesma xestión que o de comedor escolar.

#### 2.2.1.11.O transporte escolar.

Existen dez liñas de transporte gratuíto atendidas por tres empresas diferentes e xestionadas pola Xunta de Galicia e polo colexio. Ademais, hai unha liña xestionada por unha empresa privada que presta servizo a usuarios que non teñen dereito ao transporte gratuíto.

Pola mañá, o alumnado transportado chega entre as 8:30 e as 9:00 h. Ás 14:00 h volven ás súas casas.

Todas as liñas contan con coidadoras, que atenden ao alumnado nos seus desprazamentos.

#### 2.2.1.12. Organización administrativa e económica.

Está regulada pola Lei Orgánica 9/ 1995, do 20 de novembro (BOE do 21 de novembro, polo Decreto 92/ 1988, do 28 de abril (DOG do 29 de abril), e polo Decreto 374/ 1996, do 17 de outubro (DOG do 21 de outubro) e precisa que a Secretaria será a responsable dos aspectos administrativos do Centro, de conformidade co Director. Ao principio de cada exercicio elaborárase un Plan de Xestión, que se someterá á avaliación do Consello Escolar. Os movementos de ingresos e gastos serán reflectidos nun libro de Contas. Ao inicio de cada curso elaborárase unha previsión de material por niveis. O Equipo Directivo e a Comisión Económica establecerán as prioridades. Ao longo do curso, calquera material que se precise debe ser consultado á Secretaria e, de acordo coa Comisión Económica, será adquirido.

Ao final de cada ano natural, presentarase unha conta de xestión económica que recollerá os movementos de todo o exercicio, reflectindo o remanente que quede para o seguinte. Esta conta de xestión será avaliada pola Comisión Económica e polo Consello Escolar e aprobada pola Dirección.

#### 2.2.2. Documentos do Centro

2.2.2.1. Plan de auto- protección e de evacuación. (En proceso de revisión).

2.2.2.2. Proxecto Educativo de Centro (PEC).

2.2.2.3. Regulamento de Réxime Interior (RRI). (En proceso de revisión).

2.2.2.4. Proxecto curricular de Centro (PCC).

2.2.2.5. Programación Xeral Anual (PXA).

2.2.2.6. Memoria Anual.

2.2.2.7.-Plan de atención á Diversidade.

2.2.2.8.-Plan de Xestión.

### **2. 3. Estado das relacións e da participación das persoas na vida do centro.**

A comunidade educativa está composta por un sistema de relacións entre persoas de distinta natureza, da que dependerá en gran medida que a convivencia no centro sexa positiva ou negativa; destacan especialmente neste sentido as relacións existentes nos sectores do alumnado e do profesorado.

En canto ao persoal docente, resulta de vital importancia que a relación entre os/as profesores/as sexa a adecuada, cun alto grao de cohesión e respecto. Neste caso, non hai grupos enfrontados, existe gran compromiso pola case unanimidade do persoal e moita implicación nos temas do

centro, sen enfrontamento co equipo directivo, amosando todos identificación co proxecto educativo..., así que non se perciben conflitos visibles.

A relación profesor/a- alumno/a, a relación alumno/a- alumno/a e algunhas actitudes do alumnado respecto do centro, poden ser determinantes no nivel de conflictividade. O/a alumno/a, cada vez con máis frecuencia, deixa de ser un/a mero/a receptor/a pasivo/a e a comunicación co/a profesor/a é cada vez máis fluída, podendo intervir e opinar, ademais de escoitar.

A relación entre alumnos/as pasa polo conflito cando se dan situacións moi intensas de convivencia e son as habituais entre persoas que se están formando e que non sempre teñen os recursos precisos nese momento. Son puntuais e non obedecen a un mal clima de convivencia. Ás veces, son debidas aos grupos tan numerosos.

En ocasións, a falta de motivación do alumnado de cara ao esforzo que supón o traballo intelectual da vida académica afecta directamente, non só ao rendemento escolar, senón tamén ás relacións sociais do centro (especialmente ás relacións alumno/a- profesor/a), ao ser causa dun perverso sistema de culpabilidades non recoñecidas.

As relacións do resto da comunidade educativa (persoal non docente e, especialmente, o sector pais/nais) non son focos habituais de conflictividade, aínda que, na diversidade de expectativas, intereses e caracteres, aparecen casos puntuais , que se resolven pronto.

#### **2. 4. Conflictividade detectada no centro.**

O conflito na escola non xurde espontaneamente e de repente. É sempre un proceso que vai de menos a máis. Require un caldo de cultivo, externo ou interno ao proceso escolar, que pouco a pouco se vai desenvolvendo e que nun momento determinado explota producindo o conseguinte malestar.

Consideramos que no noso centro non existe un alto grao de conflictividade, pero analizando aqueles casos que se dan, responden a unha serie de factores:

-Factores externos á institución escolar, coma a situación familiar: ás veces, desestruturada, con intolerancia e conflitos na parella , a violencia familiar que os alumnos interiorizan coma unha forma de resolver os conflitos; os autoritarismos, onde o máis forte domina e impón os criterios; a permisividade esaxerada, con ausencia de normas claras, coherentes e consistentes; a falta de afecto no fogar e falta de atención son factores que colaboran a que os/ as nenos/as reciban unha atención inadecuada que, á súa vez, favorece a aparición da conflictividade. O contexto social, ás veces, competitivo, agresivo, acerca a busca do fácil, a ausencia de valores claros, o consumo de alcol e outras drogas, a cultura do consumismo,... tampouco axuda. Os medios de comunicación, videoxogos e as redes sociais, tan próximas , ofrecen, en xeral, unha carga significativa de violencia e agresividade, tanto física como psíquica. As mensaxes subliminares, contidos detrás das escenas, son a miúdo unha defensa descarada da forza fronte á razón, da intolerancia fronte á

solidariedade. Todo isto favorece que os máis xoves se volvan insensibles ao sufrimento alleo e fomenten a violencia.

-Factores internos, que definen a nosa escola, coma a masificación escolar e a enorme diversidade dos/as mesmos/as en canto a cultura, relixión, ideoloxía, intereses, motivacións, expectativas... diversidade que hai que xestionar acertadamente. Existe tamén nalgúns casos a dúbida sobre a utilidade da escola xa que, instalados na cultura do goce do presente, lonxe da cultura do esforzo e da paciencia para recoller os froitos a longo prazo, resulta difícil que o alumno se centre nas tarefas escolares. A descompensación das funcións da escola, darlle máis importancia ás cualificacións numéricas e á transmisión de coñecementos que ao propio proceso de educar, tampouco é favorable. Ás veces, o clima da escola non é o axeitado, pois non se consegue sempre unidade e consenso en torno ao Proxecto Educativo ou danse disparidade de respostas na acción educativa.... Así como, por último, as relacións entre persoas que comparten tanto tempo, especialmente profesor/a- alumno/a ou alumno/a- alumno/a, aínda que os conflitos poidan xurdir entre calquera das persoas que conforman a comunidade educativa por tódalas causas expostas anteriormente.

A relación de conflitos máis habituais que atopamos no noso centro é moi diversa

-Conflitos de relación, relacións deterioradas que desencadean agresións, loitas, insultos, desvalorizacións, rumores, confusión, malos entendidos, percepcións opostas. A afectividade e as emocións están moi presentes nestes casos.

-Conflitos de rendemento, no que o desacordo se centra nos resultados do aprendizaxe. Sucede cando o alumnado non acadada resultados aceptables ou esperados, entrando en cuestión variables coma o esforzo, a motivación ou o interese por parte do/a alumno/a ou a competencia e a satisfacción do profesor/a.

-Conflitos de poder, relativos aos diferentes roles (especialmente os de profesor/a e alumno/a) que cada sector da comunidade escolar ten nas relacións educativas e que non sempre son aceptados polos demais.

-Conflitos de intereses e necesidades: loita por algo concreto que dúas partes queren conseguir. Estarían incluídos aquí conflitos por recursos ( por ter, conseguir, prestar...) e conflitos por actividades (desacordos na forma de realizar traballos ou tarefas)

-Conflitos por preferencias, valores ou crenzas.

No noso centro, os resultados das enquisas amosan, efectivamente, certo grao de conflito, que debemos analizar e tratar de resolver con este plan.

## **2.5. Actuacións desenvolvidas no ámbito da convivencia e efectividade destas.**

Véñense realizando accións encamiñadas ao desenvolvemento de comportamentos adecuados para convivir mellor, de respecto polos demais e tratar de prever os conflitos e, de aparecer,

resolvelos a través da participación, boas canles de comunicación e evitar que deriven en problemas de conduta. Os documentos que dirixen o noso centro, ademais de contemplar aspectos que poidan evitar situacións de conflito, cada ano, van incorporando máis medidas que teñen en conta o desenvolvemento das habilidades sociais e emocionais dos alumnos, tratando de incluílos como obxectivos na PXA, en lugar de contidos transversais.

Lévanse a cabo actividades de mellora de aprendizaxe dentro da aula, guiados polo Departamento de Orientación, que facilitan a adaptación do alumnado que presenta maiores dificultades, aproveitando distintas técnicas de axuda. Tamén contamos con Proxectos que axudan a integrar as capacidades do alumnado, tendo en conta a todos, como a Aula de cociña e o Horta escolar.

Dende a biblioteca, preséntanse moitas actividades dirixidas a unir experiencias e á axuda entre iguais, coma compartir lecturas entre os nenos maiores e os máis pequenos de primaria, lerlles libros aos nenos de infantil, colaborar no uso e mantemento da biblioteca, participar na elaboración das normas de uso, actividades de sensibilización da diversidade, e actividades puntuais que supoñan a unión de todo o centro no seu desenvolvemento. Dende o Departamento de Orientación realízanse actividades destinadas á sensibilización sobre diversidade, nas que participa todo o alumnado, que rematan nas Xornadas de formación sobre diversidade que se veñen celebrando dende hai catro anos neste concello. O Departamento de Música propón actividades de participación en grupos diversos e o Departamento de Dinamización lingüística, empregando o idioma, elabora actividades que tamén facilitan a convivencia entre alumnos/as.

Cada curso, en colaboración coa Garda Civil, o centro leva a cabo o Plan Director que traballa co alumnado, coas familias e cos mestres/as tres temas moi importantes para unha boa convivencia dentro e fóra da aula: "Novas tecnoloxías", "Violencia de xénero" e "Acoso escolar".

Dende o Concello, organízase cada curso unha escola de pai/nais, que axuda a traballar os distintos problemas que afectan a cada etapa escolar.

En relación co efectividade das actuacións, como xa se sinalou, non existe conflitividade salientable na relación do centro coas familias nin co alumnado. Tampouco as familias presentan una problemática determinada que provoque tensións o xere intervencións educativas especiais.

Segundo os cuestionarios que se veñen de pasar a toda a comunidade dende a Xunta, os resultados indican as seguintes observacións:

## RESUMO RESULTADOS DAS ENQUISAS SOBRE CONVIVENCIA

### ALUMNADO:

A inmensa maioría do alumnado ten varios/as amigos/as dentro do cole e, moitos deles, na mesma aula.

Considera que o centro podería estar mellor coidado e presentar menos estragos. Aínda que o centro é moi vello e non estivo ben mantido (pintado, limpo a fondo, etc) e está deteriorado polo uso, pensan que se tira lixo ao chan, píntase nas mesas e nos baños, non se respectan as cousas dos demais e dánanse as instalacións con bastante frecuencia.

O alumnado opina que os conflitos de convivencia no centro deben resolverse, por orde segundo as respostas, falando entre todos, dando consellos o profesorado, falando co profesorado en privado, seguindo os consellos da orientadora, profesorado e equipo directivo ou escoitando as opinións de todos para cambiar o centro.

Con respecto á frecuencia de condutas positivas que observan, por orde, destacan obedecer e respectar ao profesorado, respectar o horario, cumprir as normas, facer as tarefas encomendadas, atender ás explicacións, traballar en equipo e axudar aos/ás compañeiros/as. As condutas negativas, aínda que se indica pouca frecuencia, destacan aquelas que teñen que ver cos alcumes ou rirse dun compañeiro/a, insultar ou dicir mentiras ou rumores dos demais, problemas co aseo persoal, interromper, molestar e non deixar dar a clase con tranquilidade.

Os espazos que o alumnado denuncia como máis conflictivos ou onde se producen máis desorde serían, por orde, o recreo, durante as clases, nos corredores, nos arredores do centro, nos intercambios de clase ou ao entrar e saír da clase.

Diante da pregunta de si se sentiron vítimas de acoso, agresión ou falta de respecto, aínda que non é moi elevado, un tanto por cento maior acúsano os rapaces(17 %) fronte ás rapazas (6%). Nestes casos, a reacción foi sentirse tristes, pediron que os deixaran en paz, solicitaron axuda a un amigo ou a un adulto e, cando lles axudaron, sentíronse seguros. Hai un mínimo de alumnos que, fronte a esa situación tentaron falar para resolvelo ou, pola contra, optaron polo ataque. Estes conflitos xorden, case sempre, entre alumnos/as da mesma idade, ben da mesma clase ou do mesmo nivel.

Pasando ao papel de agresor, a inmensa maioría dos rapaces e a unanimidade das rapazas non recoñece ter cometido ningunha agresión, falta de respecto ou acoso aos demais; pero os que o fixeron, admiten ter quedado castigados sen recreo, terlle sido retirado obxectos persoais, visitar ao director ou xefa de estudos ou realizar un traballo de reflexión sobre o acontecido.

Sobre as decisións que se toman na clase ou no centro, os alumnos admiten nunha porcentaxe alta, que opinan directamente ao profesor ou expoñen a súa opinión diante dos compañeiros da clase sen problema.

## PROFESORADO

O grao de coñecemento que se ten sobre os documentos do cole, tanto para o profesorado, en xeral, coma para os titores/as sería, por orde: PEC (Proxecto Educativo de Centro) , PXAD (Plan Xeral de Atención á Diversidade), PAT (Plan de Acción Titorial) e Plan de Convivencia. Coñecen menos á persoa dinamizadora da convivencia, a aula de convivencia e a mediación de conflitos.

En canto á situación de convivencia nos últimos tres anos no centro, case a metade do profesorado non contesta e o resto considera que mellorou. Hai máis abstinencia en E. Infantil



(metade) e existe variación entre o grao de mellora entre E. Infantil e E. Primaria, probablemente porque no último curso se fixeron variacións grandes, especialmente de situación.

A unanimidade do profesorado que contesta considera que no noso centro non hai problemas permanentes ou crónicos de convivencia e a metade considera que son problemas puntuais.

A mesma porcentaxe do profesorado considera que a súa formación en materia de convivencia é boa ou regular e ninguén considera ter nula formación. Case todos cren que coñecen os problemas de convivencia entre o alumnado.

En función das respostas, gradaríase así a preferencia de actuación en materia de convivencia:

1º-Traballar as normas de convivencia e os dereitos e deberes na acción tutorial.

2º- Abordar a convivencia dende a prevención.

3º- Formación do profesorado en xestión da convivencia.

4º - Desenvolver en todos os membros da comunidade educativa programas para adquirir habilidades e competencias sociais.

5º - Favorecer unha maior participación do alumnado na solución de problemas.

6º - Difundir entre a comunidade educativa todas as actuacións que en materia de convivencia se desenvolven no centro.

7º - Crear diferentes grupos de traballo e figuras no centro para promover unha mellor convivencia (comisión de convivencia, grupos de mediación, conciliadores etc.).

8º - Adscribirse a plans e programas nos que se traballe a convivencia.

9º - Formular a mellora da convivencia como obxectivo central da intervención no PEC.

10º - Aplicación rigorosa e sistemática das normas de convivencia

11º - Aplicar sancións estritas.

O uso e organización dos espazos do centro, segundo máis da metade do profesorado, está regulado nas NOF e respéctase por parte dos usuarios o establecido. "Bastante" ou "moitas veces" é a frecuencia maioritaria na que se considera que se coida o material e as instalacións do centro e, de destacar algún aspecto que debe mellorar, o deterioro das mesas dos alumnos e dos baños, así como tirar menos lixo ao chan.

En canto ao coñecemento dalgúns protocolos/ programas/ actuacións que poidan considerarse favorecedores da convivencia, destacamos o descoñecemento do noso profesorado de campañas divulgativas dos diferentes documentos nos que se recollen os aspectos fundamentais da convivencia (Plan de convivencia e NOF) , Plan de formación no centro en materia de convivencia

ou dos protocolos ou programas de mediación ou para o procedemento conciliado. Calquera desas actuacións non existe no noso centro.

Diante dunha situación de conflito, o profesorado do noso centro cre que se soluciona habitualmente dialogando para chegar a acordos, dando consellos ao alumnado, potenciando que se traten os problemas na titoría, tratando o conflito entre todos (alumnado, titor/a, orientadora, xefa de estudos) ou chamando ao pai/nai/persoa titora legal e, en menor medida, con correccións colectivos e individuais ou con sancións.

A relación coas familias pódese considerar, globalmente, positiva e, aínda que se dan algúns casos do contrario, a maioría dos pais amosan interese polos estudos e o comportamento dos seus fillos/as e fan un seguimento continuado da súa evolución escolar, escoitan ao profesor e chégase a acordos de actuación. Tamén recoñecen que as familias recorren á dirección cando non hai acordo co profesor.

Analizando as respostas do profesorado acerca das causas das condutas inadecuadas do alumnado, divídense de forma equitativa e coinciden en que, ademais dos problemas familiares e das características da personalidade do alumnado como primeiras, tamén inflúe o contexto social e o aumento da tolerancia na sociedade; tamén opinan que o clima escolar non é o máis adecuado, a falta de formación do profesorado para afrontar novas problemáticas ou en técnicas de regulación de conflitos non axuda, así coma as metodoloxías ou o clima do colexio, que ás veces non son as adecuadas.

## FAMILIAS:

A inmensa maioría das familias deste centro que contestaron teñen altas expectativas de futuro para os seus fillos/as; case todos esperan que estuden unha carreira universitaria.

A metade e case a metade coñecen o PEC e o PAD, pero o seu coñecemento dos demais documentos é escaso.

Das familias que opinan, consideran que o centro mellorou, en distinto grao, nos últimos tres anos.

Máis da metade das familias consideran que no noso centro non hai problemas de convivencia, e un terzo considera que os hai de forma puntual. Un índice mínimo considera que hai algún problema.

Máis da metade das familias considera ter boa ou moi boa formación en materia de convivencia escolar. O índice non é tan rotundo na formación en canto a definir normas de comportamento na casa, pero aumenta moito na consideración da formación de toda a comunidade educativa para desenvolver actividades de lecer e tempo libre.

<https://drive.google.com/open?id=0B5PAj9K1EVIgADlhZmg1czJ5NDA>

### 3. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DO PLAN DE CONVIVENCIA

Unha convivencia de calidade promove a construción de actuacións nos seguintes ámbitos:

A política educativa debe conseguir unha cultura de centro fundamentada no benestar de todas e cada unha das persoas do mesmo, que supera a todos os niveis (organizativo, temporal, de comunicación, curricular...) a reprodución do paradigma de dominación- submisión que impulsa a perpetuidade dos estereotipos (sexo, xénero, etnia, cultura, clase social, características físicas ou psíquicas, opción sexual...). Debe permitir unhas relacións positivas e gratificantes consigo e coas demais persoas e tamén unhas relacións baseadas na responsabilidade mutua e compromiso persoal e social de transformación e mellora continua do medio. Por último, conseguir un clima escolar que incide na optimización dos procesos de ensino.

A normativa debe estar deseñada e acordada por toda a comunidade educativa e debe explicar o que se entende por unha convivencia de calidade e como xestionar os conflitos inherentes ás relacións humanas de maneira pacífica e construtiva. É fundamental que teña en conta a igualdade de dereitos e deberes de todas as persoas.

A participación é vital nun proceso de convivencia, igual que a interacción nos diferentes ámbitos da vida. Unha participación de calidade conséguese construíndo un sistema que promova mecanismos e estruturas a través das cales cada persoa faga as súas propias achegas e reciba as do resto e tomen, finalmente, as decisións conxuntas en tódolos ámbitos.

O estilo docente debe pór en marcha iniciativas que impidan o establecemento de relacións de dominio- submisión e debe utilizar metodoloxías cooperativas.

Os principios anteriores e os resultados das enquisas condicionan a elección dos seguintes obxectivos que se deben perseguir:

1. Elaborar os documentos e protocolos necesarios para completar un plan completo de actuación fronte a calquera situación de conflito, que inclúa estratexias de resolución.
2. Consegir a inclusión educativa, desenvolvendo e potenciando actitudes de aceptación e de respecto coa diferenza.
3. Fomentar a implicación das familias e do alumnado na vida do centro en calquera das actividades educativas (complementarias, extra- escolares, ANPA, etc) e facilitarlles o acceso ás informacións e ás axudas, así como a coordinación cos profesionais e institucións externas ao centro que cada quen precise.
4. Implicar a todo o profesorado como responsable da atención da totalidade do alumnado e procurar a súa auto- estima, información e formación no tema da convivencia.
5. Mellorar as relacións entre todos os membros da comunidade educativa.
6. Aproveitar as diversas situacións que se producen ao longo do curso escolar para que o centro sexa un espazo de paz, respecto, diálogo e non nun lugar de represión.

#### **4.Descripción das actuacións, das medidas ou dos programas que se van desenvolver para favorecer a convivencia, incluíndo medidas preventivas e de sensibilización e actuacións organizativas, curriculares e de coordinación, entre outras.**

As normas básicas de convivencia do centro parten dos valores que a comunidade educativa, no marco da legalidade vixente, considera fundamentais para a educación e para a convivencia no Proxecto Educativo.

Estas normas básicas de convivencia, recollidas nas Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia convértense, deste xeito, nun instrumento para a consecución dos principios educativos do centro xa que:

- Permiten crear oportunidades para respectar a diversidade e as diferenzas.
- Contribúen a desenvolver a autonomía moral, a participación democrática e a educación cidadá.
- Constitúen o marco de participación na vida do centro.

##### **a. Actuacións organizativas, curriculares e de coordinación.**

Dentro das **medidas organizativas** que forman o plan completo de actuación ao que nos referimos no primeiro obxectivo, precisamos:

-Revisar e actualizar as **NOF (RRI)**, no que se recollan todos os aspectos a ter en conta para a correcta convivencia entre os membros da comunidade educativa.

- Elaborar un **PAT**, documento indispensable, xa que a acción titorial constitúe o marco indispensable e necesario para establecer unhas boas bases para a convivencia no grupo e por extensión á vida do colectivo total do alumnado. A capacidade do titor/a para canalizar e resolver os problemas de relación, así como para crear un clima afectivo e integrador na aula no que teñan cabida todos e cada un dos alumnos/as do grupo, representa o factor máis influente na configuración das relacións persoais e é o elemento cruce sobre o que se basea o resto das actuacións con outros sectores da comunidade escolar.

A organización da aula, as estratexias de comunicación que se establecen con cada profesor/a, os vínculos entre persoas, o axuste curricular e as adaptacións curriculares, as normas de aula e as rutinas que o titor/a utiliza no desempeño das súas tarefas son os elementos dun fenómeno interactivo que vai determinar substancialmente o proceso da convivencia no centro.

- Incluir un **Plan de acollida** que permita unha entrada doada para calquera membro ao centro, facilitándolle a adaptación máis rapidamente.

-Elaborar un **plan de mediación de conflitos**, formando aos mediadores e fomentando a resolución de conflitos a través do diálogo e a negociación entre iguais, en lugar da resolución sempre cos mestres/as.

As **medidas de coordinación**, ademais de ter en conta tódolos aspectos necesarios para un funcionamento axeitado, contarán cos Proxectos que están en marcha dentro do centro e que permiten unha mellor coordinación e colaboración entre todos, facilitando e diversificando o cadro temporal das actividades propostas por cada un deles e informando a todo o profesorado da súa posta en marcha e organización. O Coordinador principal sería a Biblioteca, que vertebra todas as actividades programada nos Equipos de Actividades extra- escolares, Horta e Cociña, Equipo de

## Dinamización Lingüística e Equipo de Orientación.

En canto ás **medidas curriculares**, debemos, tal e como solicita o profesorado nas enquisas, elaborar medidas de mellora no grupo- clase que constitúan un referente metodolóxico unificado e xeneralizado para todo o profesorado co fin de evitar mensaxes incoherentes ou contraditorios que fosen prexudiciais para a consecución dos obxectivos fixados: fomentar a aprendizaxe cooperativa, o reparto equilibrado de responsabilidades e tarefas entre o alumnado, favorecer a auto- estima cando se detecten situacións de "infravaloración", crear un clima de confianza aceptando as suxestións dos nenos/as, rexeitar as actividades grupais discriminatorias, fomentando o compañeirismo, establecer normas claras de funcionamento no centro cunha formulación positiva, fomentar a participación en tarefas e responsabilidades do centro, creación da figura do alumno/a axudante para os nenos/as novos/as no centro, establecer a figura dun alumno/a mediador dentro do aula que colabore co titor/a na resolución de incidencias ou conflitos.

### **b. Actuacións dirixidas a garantir a participación da comunidade educativa.**

Unha estreita colaboración entre escola e familia será fundamental no proceso educativo, sen a cal resulta difícil e en ocasións inútil o esforzo. Consideramos que as seguintes son propostas necesarias de cooperación a ter en conta polas familias:

- Dar modelos positivos e intentar resolver os conflitos sen aceptar a violencia.
- Exercicio da autoridade que lles corresponde no proceso de educación e formación dos seus fillos/as.
- Cooperación co centro en casos de indisciplina, agresividade, etc.
- Colaboración co centro no proceso de ensino aprendizaxe e de integración escolar.
- Non desautorizar ao profesorado diante dos fillos/as.
- Fomentar nos seus fillos/as a construción de valores como o esforzo persoal, a constancia, a autonomía, o respecto cara aos demais.
- Coidar o crecemento emocional, ensinándolles a poñerse no lugar do outro e a controlar as propias emocións.
- Impedir que os fillos/as accedan a contidos da TV, videoxogos ou Internet inadecuados á súa idade, ofrecéndolles alternativas.
- Evitar a sobre- protección dos seus fillos/as.
- Revalorizar o centro escolar como un espazo de ensino e de formación.

#### Caixa de correos de suxestións e queixas:

Trataríase de establecer no centro un espazo destinado a albergar un caixa de correos ou caixa onde o alumnado poida depositar información que sirva para canalizar as súas suxestións, inquiredanzas, problemas, queixas ou observacións en xeral.

Estas manifestacións serían confidenciais e poderían servir en certa medida para obter datos de posibles situacións conflitivas que sub- xacen e que non son perceptibles a primeira ollada.

Algúns nenos/as non sempre teñen estratexias suficientes para resolver os seus problemas ou inquiredanzas, ou para verbalizalas na aula.

Esta actividade deberá ser previamente informada e traballada no marco da titoría, para que sexa utilizada de forma rigorosa. O alumnado non debe valerse deste sistema para transmitir información intranscendente ou banal que constitúa unha perda de tempo innecesaria e desvirtúe o seu carácter de participación, consultivo e de prevención.

A información recollida trasladaríase aos responsables vinculados coa mesma para tratar de resolver e/ou determinar actuacións de mellora.

### **c. Actuacións dirixidas á prevención de condutas contrarias ás normas de convivencia.**

-A dirección do centro remitirá información ás familias a principio de curso, lembrando as principais normas de organización e funcionamento do centro.

-Reunións informativas titores- familias. Información ás familias ao principio de cada curso sobre o Plan de convivencia e as Normas de Organización e Funcionamento do centro.

-Titorías. Debate e discusión ao principio de curso sobre o Plan de convivencia e as Normas de Organización e Funcionamento cos alumnos.

## **5. O PROTOCOLO PARA A PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMENTO DAS SITUACIÓNS DE ACOSO ESCOLAR, DE CONFORMIDADE CO ESTABLECIDO NO ARTIGO 30.2 DA LEI 4/2011, DO 30 DE XUÑO.**

As dinámicas de funcionamento, tanto do grupo amplo que forma o alumnado do centro coma do grupo limitado á aula, poden favorecer relacións negativas como o acoso. Outros conflitos escolares non son acoso: meterse un co outro de xeito amigable e sen intención de facer dano ou as discusións e incluso as pelexas entre alumnado a un mesmo nivel, situados, polo tanto, nun equilibrio de forzas.

É importante, xa que logo, diferenciar o acoso escolar doutras situacións disruptivas puntuais, que presentan a miúdo unha abordaxe diferente, aínda que requiren tamén dunha resposta efectiva.

Considérase acoso escolar calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo dun alumno ou alumna por outro ou outra ou outros, xa sexa de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar.

As medidas que deben adoptarse en caso de detección dunha situación de acoso escolar así como as propostas de actuacións de sensibilización contra o acoso escolar, dirixidas a toda a comunidade educativa, que axuden a previlo e a preparar para detectalo e reaccionar e intervir fronte a este figuran no Protocolo xeral de prevención, detección e tratamento do acoso escolar e "ciberacoso" que se inclúe como Anexo ao presente Plan.

Protocolo de acoso, enlace a páxina web da Consellería:

<http://www.edu.xunta.es/portal/node/9678>

## **6. CONCRECIÓN, EN CADA UNHA DAS ACTUACIÓNS, DAS MEDIDAS OU DOS PROGRAMAS, DAS PERSOAS OU DOS ÓRGANOS RESPONSABLES, DAS PERSOAS DESTINATARIAS E DOS PROCEDEMENTOS QUE SE VAN A SEGUIR PARA O SEU DESENVOLVEMENTO E EXECUCIÓN.**

### **a) Actividades de acollida para o alumnado que se matricula por primeira vez no centro e para as súas familias.**

As actividades de acollida teñen como finalidade facilitar o proceso de escolarización, a adaptación e a integración do alumnado de novo ingreso no centro ao entorno escolar. Para o alumnado de educación infantil que se incorpora ao sistema educativo existe un Plan de Adaptación específico. Para o restante alumnado que se incorpore ao centro as actuacións a realizar terán como obxectivos:

- Axudar ao alumnado a integrarse plenamente no centro.
- Atender as necesidades educativas e comunicativas se as houbera.
- Favorecer no centro un clima de convivencia, respecto e tolerancia

Actuacións do Plan de Acollida:

O Equipo Directivo: Elaborará, seguirá e avaliará o Plan. Establecerá o primeiro contacto coa familia para facilitarlles información sobre o sistema educativo e para que coñezan o centro. Trasladará a información recibida ao profesorado que atenda aos alumnos e alumnas. Finalmente, apoiará e colaborará en cuestións socio- familiares.

O Departamento de Orientación: Orientará e asesorará na elaboración, seguimento e avaliación do Programa. Tamén orientará e asesorará sobre as actuacións e decisións de carácter pedagóxico.

O Titor/a: Solicitará da familia, nunha primeira entrevista, a información necesaria e facilitaralle a información que precise, establecendo pautas para un contacto constante.

Ao resto do profesorado, informarao e solicitará datos.

Recibirá ao/á alumno/a, determinará o seu grao de competencia lingüística se procede do estranxeiro e realizará a avaliación inicial (valoración da súa escolarización previa e das súas habilidades básicas en lectoescritura e matemáticas e posibles necesidades específicas). O titor servirá de enlace entre o/a novo/a alumno/a e o profesorado e resto de compañeiros, mostraralle o centro, normas, pautas de comportamento, de traballo, informarao das actividades e situacións

escolares que poidan resultar novas e farao participar activamente naqueles aspectos nos que sexa competente.

Informará ao grupo sobre o/a novo/a compañeiro/a, organizará actividades que faciliten a súa integración escolar e afectiva, seguirá o proceso de integración e adaptará a resposta educativa ás necesidades (solicitando a colaboración necesaria)

O Profesorado proporcionará un trato afectuoso ao/á novo alumno/a, aportará información ao titor/a, explicará as pautas e normas de comportamento e terá en conta unha visión global de todas as actividades e persoas que inciden no proceso de adaptación

Os criterios de adscrición ao grupo: O/a alumno/a adscribirase ao nivel que lle corresponda segundo o certificado de escolarización do centro de procedencia que achegue a familia. No alumnado procedente do estranxeiro, o/a orientador/a realizará a correspondente proposta de escolarización atendendo ao disposto na normativa. A adscrición ao grupo farase tendo en conta o número de alumnado, as dificultades que presenta a aula e as dificultades que poida presentar o/a novo/a alumno/a, para integralo o mellor posible.

As actuacións na aula: Convén nomear un alumno/a- titor/a, que o/a acompañe nos primeiros movementos no centro, e ao que poida acudir en situación de conflito ou necesidade, informar ao grupo sobre o novo compañeiro/a de forma que comece o proceso de aceptación. De proceder do estranxeiro: do seu país de orixe, a lingua que fala, informar ao grupo no coñecemento das posibles pautas culturais disonantes coas nosas, explicándoas no seu contexto.

É conveniente avaliar e examinar de cando en vez colectivamente o proceso de integración do novo compañeiro/a, detectando posibles dificultades e fixando tarefas para corrixilas, así como aceptar o proceso coñecido como "etapa silenciosa" pola que pasan moitos alumnos/as que se ven inmersos neste proceso; abordar de xeito inmediato situacións de rexeitamento, xenofobia ou discriminación que poidan darse, sexa no grupo ou fóra do aula, para atallalas o máis rapidamente posible e tratar de cambiar a actitude do alumnado implicado.

#### **b) Actividades para a sensibilización fronte aos casos de acoso e intimidación entre iguais, dirixidas á comunidade educativa.**

- Programas de habilidades e competencias sociais. Realizaranse desde o Departamento de Orientación.
- Plan Director de Convivencia. Charlas dirixidas ao alumnado e á comunidade educativa sobre acoso escolar, navegación segura en Internet e uso responsable das novas tecnoloxías, coa colaboración da Garda Civil.



---

**c) Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na igualdade entre homes e mulleres para previr posibles situacións de violencia de xénero.**

O compromiso da tarefa formativa de desenvolver no alumnado a súa capacidade para adquirir habilidades na resolución pacífica dos conflitos, lévanos necesariamente a suscitarnos o respecto da igualdade de sexos.

A educación para a igualdade entre homes e mulleres debe ocupar un lugar preeminente na educación en valores que pretendemos, pois hoxe é máis urxente que nunca inculcar a necesidade do rexeitamento ás desigualdades e discriminacións derivadas da pertenza a un determinado sexo.

A educación escolar debe contribuír a que os alumnos e alumnas sexan capaces de identificar situacións nas que se produce este tipo de discriminación polo xénero, de analizar as súas causas e de actuar eles mesmos á súa vez de acordo con estes valores igualitarios.

A escola debe ofrecer alternativas ao sexismo existente na sociedade, debe ser unha escola xusta e, polo tanto, co-educativa. Debe aplicar a perspectiva de xénero nas accións diarias do centro.

**Accións dirixidas á comunidade escolar:**

- Tratamento da linguaxe: uso dunha linguaxe non sexista, no que se contemple e se visualice o xénero feminino. Os escritos e documentos dirixidos desde o centro así como desde a ANPA terán en conta este aspecto na redacción de comunicados e documentos para transmitir a información.
- Sensibilizar e concienciar ás alumnas no interese polo coñecemento científico- tecnolóxico co fin de ampliar os campos posibles de elección nas súas expectativas profesionais.
- Realización de actividades de divulgación e/ou formación (charlas, talleres, etc.) sobre coeducación e dirixidas á comunidade educativa.
- Plan Director de Convivencia. Charlas dirixidas ao alumnado e á comunidade educativa sobre violencia de xénero.

**Accións no centro:**

- Reparto equilibrado de tarefas e responsabilidades entre o alumnado de ambos sexos.
- Igualdade de trato entre o alumnado en todos os aspectos educativos (curriculares, organizativos, metodolóxicos, de actitude, etc.)
- Criterios de selección de textos e materiais curriculares que contemplan un tratamento equilibrado de xénero que non sexa sexista (linguaxe, roles, imaxes, currículo oculto, etc.).
- Tratar de erradicar os comportamentos e actitudes de relación entre o alumnado que non sexan igualitarios. Romper desde a aula os estereotipos sexistas.

- Conducir o rol de protagonismo que ostentan os varóns cara a situacións de liderado compartido e relacións afectivas coas súas compañeiras.
- A perspectiva de xénero debe estar incluída e debe ser tida en conta en todas as áreas. O labor máis importante respecto diso desenvólvese obviamente na titoría, con todo o compromiso debe ser asumido por todo o profesorado. As actuacións educativas serán máis efectivas canto máis interiorizadas estean polos equipos educativos.
- Enfrontar o tema da violencia cara ás mulleres. Debemos abordar este tema como un compromiso social e educativo. A escola non pode mirar cara a outro lado e reforzar as ideas que sustentan a violencia contra as mulleres. A violencia de xénero non é un problema que afecta ao ámbito privado senón que é unha expresión extrema e brutal dunha desigualdade subxacente na nosa sociedade, sustentada nunha violencia cultural e estrutural que debe ser combatida en varios ámbitos simultaneamente: xudicial, policial, sanitario, medios de comunicación, publicidade, pero sobre todo no ámbito da educación.
- Impulsar actividades sobre coeducación dirixidas ao alumnado (talleres, charlas, conmemoracións, etc.)
- Colaborar con outras institucións e organismos para ofrecer recursos e actividades sobre coeducación.

**d) Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na non discriminación por razón de raza, sexo, procedencia e condición persoal ou social.**

- Celebración de datas que sensibilicen a toda a comunidade educativa nos valores democráticos: a tolerancia, igualdade, o respecto, o diálogo, a resolución de conflitos de forma pacífica e a non violencia: Día Internacional contra a Violencia de Xénero, Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos, Día escolar da non Violencia e da Paz , Día Internacional da Muller,...

**e) Medidas de carácter organizativo que posibiliten a adecuada vixilancia dos espazos e dos tempos considerados de risco, como os recreos, as entradas e saídas do centro e os cambios de clase nos corredores.**

- O Departamento de Orientación elaborará e desenvolverá un programa que contribúa á adquisición de habilidades e competencias sociais por parte do alumnado como complemento das medidas correctoras das condutas contrarias á convivencia, dirixido ao alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas, coa finalidade de mellorar a súa integración no centro docente.
- Así mesmo, elaborárase e desenvolverase un programa que contribúa á adquisición de habilidades e competencias sociais específico para aquel alumnado que, como consecuencia da imposición das medidas correctoras, estea temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro. Este programa aplicarase coordinadamente entre o Departamento de Orientación e o

profesorado titor, que procurarán implicar o resto do profesorado e as familias e, de ser o caso, os servizos sociais correspondentes, para lograr conxuntamente o desenvolvemento adecuado do proceso educativo e das accións propostas.

#### O recreo e o xogo:

O período de recreo é un dos momentos onde se producen con frecuencia incidencias ou conflitos entre o alumnado. O patio de recreo é o espazo de xogo que os nenos e nenas utilizan fóra xa dos límites da aula para establecer vínculos de relación máis libres e onde a interacción con outros grupos é maior. Por este motivo poden xurdir conflitos case sempre ocasionados pola confluencia de intereses, os problemas de integración social, a competitividade e as rivalidades persoais, a agresividade, etc.

É por iso que resulta tamén un espazo educativo proveitoso onde se establecen unhas normas de funcionamento claras e precisas que todo o profesorado debe aplicar de forma xeneralizada e coordinada. Para iso debe haber unha organización definida de uso dos espazos de xogo. Esta organización recollerase nas Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia.

Durante o recreo, realizarase o “Recreo de Cores”, proposto polo D. Orientación, para incluír a tódolos/as alumnos/as que poidan ter dificultades de integración ou de relación social (aínda que a idea partiu dos casos de autismo, preténdese para todos/as os que o precisen). Tratarase dun espazo concreto destinado a xogos vixiados e dirixidos polo profesorado e coa colaboración do alumnado voluntario de sexto nivel.

## **7.- NORMAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO COA CONCRECIÓN DOS DEREITOS E DEBERES DOS DIFERENTES MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA E PROTOCOLO PARA A DETECCIÓN E INCUMPRIMENTO DELAS**

As Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia recollerán a concreción dos dereitos e deberes dos diferentes membros da comunidade educativa. A cada familia, no momento que formalice a matrícula, informaráselle de que está dispoñible o documento na páxina web para consulta e descarga de calquera integrante da Comunidade Educativa.

#### Protocolo para a detección e incumprimento das Normas de Convivencia.

-Nas sesións de avaliación, dentro do apartado de avaliación da práctica docente e do proceso de ensino- aprendizaxe, valorarase o grao de cumprimento das Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia en cada grupo, achegando na acta, se as houbera, as conclusións e as propostas oportunas.

## **Dereitos e deberes do alumnado**

Son dereitos e deberes do alumno os que se establezan neste artigo e no resto das normas vixentes, considerando que:

- a) Todos os alumnos teñen os mesmo dereitos e deberes, sen máis distincións que as derivadas da súa idade e do nivel que estean cursando.
- b) Todos os alumnos teñen o dereito e o deber de coñecer a Constitución Española e o respectivo Estatuto de Autonomía, co fin de formarse nos valores e principios recoñecidos neles e nos Tratados e Acordos Internacionais de Dereitos Humanos ratificados por España.
- c) Todos os alumnos teñen dereito a que a súa dedicación e esforzo sexan valorados e recoñecidos con obxectividade, e a recibir orientación educativa e profesional.

## **Dereitos dos alumnos/as**

1. A recibir formación integral e co-educativa que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade nun ambiente educativo de convivencia, liberdade e respecto mutuo.
2. A que se respecten a súa identidade, integridade e dignidade persoais.
3. Á protección integral contra toda agresión física ou moral, e en particular contra as situacións de acoso escolar.
4. A que o seu rendemento sexa avaliado con plena obxectividade.
5. A recibir orientación escolar e profesional para conseguir o máximo desenvolvemento persoal, social e profesional, segundo as súas capacidades, aspiracións ou intereses.
6. A que a súa actividade académica se desenvolva nas debidas condicións de seguridade e hixiene.
7. A que se lles respecte a súa liberdade de conciencia, conviccións relixiosas, morais ou ideolóxicas, así como a súa intimidade no que respecta a tales crenzas.
8. A ser educados fomentando a súa capacidade e actitude crítica, a súa capacidade de comprensión e elección en liberdade, a súa tolerancia e a súa convivencia democrática.
9. Á liberdade de expresión sen prexuízo dos dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o respecto aos principios constitucionais.

## **Deberes do alumnado**

1. O deber máis importante dos alumnos é o de aproveitar positivamente o posto escolar que a sociedade pon á súa disposición. Por iso, o interese por aprender e a asistencia á clase, é dicir, o deber do estudo, é a consecuencia do dereito fundamental á educación.
2. Participar e colaborar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun adecuado clima de estudo no centro, respectando o dereito dos seus compañeiros/as á educación.
3. Respectar a dignidade e as funcións e orientacións do profesorado no exercicio das súas competencias, recoñecéndoo como autoridade educativa do centro.
4. Respectar a liberdade de convivencia, as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre mulleres e homes e a dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa.
5. Respectar as normas de organización, convivencia e disciplina do centro.

6. Conservar e facer un bo uso das instalacións e dos materiais do centro.
7. Seguir as directrices do profesorado respecto da súa educación e aprendizaxe.
8. Asistir a clase con puntualidade e co material preciso.
9. Os/as alumnos/as deben respectar a liberdade de conciencia e as conviccións, dignidade, integridade e intimidade dos demais membros da comunidade educativa.
10. Os alumnos non poden fumar, consumir alcohol (ou calquera outra substancia perigosa para a saúde) no recinto escolar nin en calquera actividade relacionada co ámbito educativo.
11. Aos alumnos/as non lles está permitido abandonar a aula en ausencia dun profesor, nin nos cambios de clase.
12. Os alumnos/as deberán abandonar a aula de clase nas horas de recreo. Non se poderá ir á aula nin quedar nos corredores do centro mentres duren os recreos agás que permanezan cun profesor/a.

### **Dereitos e deberes das familias**

#### **Dereitos dos pais, nais e titores legais**

Os pais e nais teñen os seguintes dereitos:

1. A ser respectados e recibir un trato adecuado polo resto da comunidade educativa.
2. A estar informados sobre o progreso da aprendizaxe e integración socio- educativa dos seus fillos ou fillas, para o que se lles facilitará o acceso ao profesorado e aos membros dos equipos directivos dos centros docentes.
3. A recibir información sobre as normas que regulamentan a convivencia nos centros docentes.
4. A ser oídos, nos termos previstos por esta lei, nos procedementos disciplinarios para a imposición de medidas correctoras de condutas contrarias á convivencia dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.
5. Colaborar, como primeiros educadores, na educación integral dos seus fillos e fillas.
6. Participar activamente nas actividades do centro a través dos órganos e mecanismos que a lei establece.
7. Formular suxestións, queixas ou peticións que consideren oportunas, ao equipo directivo e profesores do centro nas horas de visita establecidas a tal efecto.
8. Dereito de elixir ou ser elixido representante nos órganos de goberno do centro e a participar activamente nos mesmos.
9. Participar na elaboración, desenvolvemento e modificación do NOF nos termos que a lei establece.
10. Recibir información puntual en caso de non asistencia a clase dos fillos/as.
11. Promover e organizar actividades complementarias e extra- escolares en colaboración con outros sectores da comunidade escolar.
12. A que reciban os seus fillos/as unha educación de calidade.

#### **Os pais e nais teñen os seguintes deberes:**

1. Coñecer, participar e apoiar a evolución do proceso educativo dos seus fillos e fillas, en colaboración co profesorado e co centro docente.
2. Coñecer as normas establecidas polo centro docente, respectalas e facelas respectar, así como respectar e facer respectar a autoridade e as indicacións ou orientacións educativas do profesorado no exercicio das súas competencias.
3. Fomentar o respecto polos restantes compoñentes da comunidade educativa.
4. Colaborar co centro docente na prevención e corrección das condutas contrarias ás normas de convivencia dos seus fillos e fillas.
5. Procurar a asistencia e puntualidade dos seus fillos/as ao centro así como puntualidade na recollida á hora de saída.
6. Xustificar debidamente as faltas de asistencia que se produzan.
7. Conceder o debido valor aos resultados da avaliación continua que periodicamente reciban, estimulando e supervisando para que os seus fillos leven a cabo as actividades que se lles encomenden.
8. Acudir ao centro cando sexa requirido pola dirección, o titor/a, o orientador/a ou calquera dos profesores dos seus fillos/as.

### **Dereitos e deberes do profesorado**

#### **Dereitos do profesorado**

Os profesores teñen, entre outros, os seguintes dereitos:

1. A ser respectados, recibir un trato adecuado e ser valorados polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.
2. A desenvolver a súa función docente nun ambiente educativo adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.
3. A participar e recibir a colaboración necesaria para a mellora da convivencia escolar e da educación integral do alumnado.
4. A que se lle recoñezan as facultades precisas para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extra- escolares.
5. Á protección xurídica adecuada ás súas funcións docentes.
6. Á utilización das instalacións, mobiliario e material do centro.
7. Realización de actividades culturais, deportivas e fomento dun traballo coordinado e en equipo.
8. Participación activa na vida escolar e na organización do centro.
9. Formular ante os membros da comunidade escolar do centro cantas iniciativas, suxestións e reclamacións estimen oportunas.
10. Participar en actividades e cursos de perfeccionamento, seguindo os requisitos que establece a lexislación vixente.
11. Asesorar aos seus representantes no Consello Escolar e ser informados puntualmente por estes das resolucións tomadas nas reunión deste órgano.

## Deberes do profesorado

Os profesores/as terán, entre outros, os seguintes deberes:

1. Impartir as ensinanzas das materias ao seu cargo, de acordo coas programacións didácticas dos ciclos, utilizando os materiais didácticos axeitados.
2. Respetar e facer respetar as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.
3. Adoptar as decisións oportunas e necesarias para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extra- escolares, corrixindo, cando lle corresponda a competencia, as condutas contrarias á convivencia do alumnado ou, no caso contrario, poñéndooas en coñecemento dos membros do equipo directivo do centro.
4. Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.
5. Informar ás nais e pais ou ás titoras ou titores sobre o progreso da aprendizaxe e integración socio-educativa dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, cumprindo as obrigas de dispoñibilidade dentro do horario establecido no centro para a atención a aqueles que lle impoña a normativa aplicable.
6. Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración Educativa, das alteracións da convivencia, gardando reserva e sigilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.
7. Asumir as titorías dos alumnos/as, para dirixir a súa aprendizaxe e axudalos/as a superar as dificultades que atopen.
8. Aceptar os cargos e funcións que se lle encomenden, segundo a lexislación vixente.
9. Respetar a integridade física, moral e dignidade persoal dos alumnos/as.
10. Cooperar e participar na actividade educativa e de orientación, achegando o resultado das súas observacións sobre as condicións intelectuais e persoais dos alumnos/as.
11. Participar nos traballos dos ciclos, equipos e demais órganos de coordinación, colaborando cos demais profesores.
12. Colaborar na organización de actividades complementarias e extra- escolares. A participación do profesorado nas actividades extra- escolares ten carácter voluntario.
13. Asistir ás reunións do claustro, sesións de avaliación, reunións de equipos e de ciclo.
14. Cumprir con regularidade e puntualidade o seu horario, debendo xustificar os retrasos e ausencias de modo regulamentado. Deberán, tamén, solicitar coa debida antelación aqueles permisos establecidos na lei e todas aquelas ausencias de carácter previsible.
15. escoitar ao alumno/a nas súas obxeccións e suxestións, someténdooas a exame. Ser obxectivo na avaliación do rendemento e comportamento escolar do alumnado.
16. Controlar diariamente as faltas de asistencia dos alumnos/as a cada unha das súas clases, comunicando á xefatura de estudos as ausencias inxustificadas.
17. Atender aos procedementos sinalados para a comunicación e corrección de faltas na súa respectiva competencia.
18. Recibir e informar aos alumnos e aos seus pais/titores sobre o seu rendemento escolar.

19. Respetar e actuar de acordo co Proxecto Educativo e demais normativa do centro.

#### **7.4.- Dereitos e deberes do persoal de administración e servizos**

##### **Dereitos**

Ao persoal de administración e servizos dos centros docentes no ámbito da convivencia escolar, recoñécenselle os seguintes dereitos:

1. A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.
2. A desenvolver as súas funcións nun ambiente adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.
3. A participar, no exercicio das súas funcións, na mellora da convivencia escolar.
4. Á protección xurídica adecuada ás súas funcións.

##### **Deberes**

No marco das funcións establecidas pola normativa vixente e os convenios e regulamentos correspondentes, son deberes do persoal de administración e servizos:

1. Respetar e colaborar, no exercicio das súas funcións, para facer que se respecten as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.
2. Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.
3. Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración Educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sigilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.
4. Gardar sigilo e confidencialidade respecto das actuacións relacionadas co ámbito educativo das que teña coñecemento.
5. Colaborar no bo funcionamento e estado das instalacións dando conta do deterioro e anomalías que podan atopar.
6. Velar pola seguranza das persoas e das instalacións, non permitindo o acceso de persoas alleas ao centro ou non identificadas.
7. Contribuír ao aforro de recursos empregando adecuadamente o material e evitando o gasto inútil de enerxía e auga.
8. Apertura e peche das dependencias do centro. Tocar o timbre do colexio sinalando as entradas, saídas e recreos. Non permitirá a saída do recinto escolar durante as horas de clase a ningún alumno sen autorización do titor/a e sen a presenza dos pais, Titor ou familiar debidamente identificado.
9. Recibir, conservar e distribuír a correspondencia e documentación que se lle encomende. Realizar o traslado de material, mobiliario e aveños que se lle encomenden. Prestar servizos adecuados á natureza das súas funcións en arquivos, almacéns, reprografía, etc.



10. O secretario do centro supervisará, por delegación do director/a, a actividade e funcionamento do persoal de administración e servizos.

## **8.- ESTABLECEMENTO DAS CONDUTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA E DAS CORRECCIÓNS QUE CORRESPONDAN AO SEU INCUMPRIMENTO**

Sen prexuízo dos procedementos de corrección das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, regulados expresamente no capítulo IV do título III do Decreto 8/2015, poderase utilizar a mediación como estratexia preventiva, resolutiva e reparadora na xestión de calquera conflito entre membros da comunidade educativa.

### Mediación escolar

A mediación é unha estratexia de intervención imparcial para a resolución de conflitos en que unha terceira persoa axuda as partes implicadas a alcanzar un acordo satisfactorio para ambas as dúas.

Nos supostos menos graves de situación de acoso, favorecerase a mediación realizada por alumnado do centro educativo que obtivese formación e cualificación para a intervención nestas situacións.

-Os equipos de mediación estarán formados por alumnos de 5º e 6º cursos de primaria de xeito que se facilite a formación e continuidade en cursos sucesivos.

-A participación nos equipos de mediación terá carácter voluntario e requirirá unha formación específica previa.

-Solo se derivará un conflito cara a mediación se as partes así o deciden.

-As actuacións e o seu seguimento realizarase a través do Departamento de Orientación.

### **NORMAS DE CONVIVENCIA E PROTOCOCOS DE ACTUACIÓN**

a) Os incumprimentos das Normas de Convivencia valoraranse tendo en consideración a situación e condicións persoais do alumno/a.

b) As correccións que se apliquen polo incumprimento das Normas de Convivencia terán un carácter educativo e recuperador. Deberán garantir o respecto aos dereitos do resto do alumnado e procurar a mellora das relacións de todos os membros da Comunidade Educativa.

En todo caso, na corrección dos incumprimentos, teranse en conta os seguintes aspectos:

-Ningún alumno poderá ser privado do exercicio do seu dereito á educación, nin ao seu dereito á escolaridade.

- Non poderán impoñerse correccións contrarias á integridade física e á dignidade do alumno.
  - A imposición das correccións previstas respectará a proporcionalidade coa conduta do alumno e deberá contribuír á mellora do seu progreso educativo.
  - Os órganos competentes para a instrución do expediente ou para a imposición de correccións deberán ter en conta a idade do alumno, tanto no momento de decidir a súa incoación ou sobreseimento como aos efectos de graduar a aplicación da sanción cando proceda.
  - Teranse en conta as circunstancias persoais, familiares ou sociais do alumno antes de resolver o procedemento corrector. A estes efectos poderán solicitarse os informes que se estimaren necesarios sobre as aludidas circunstancias e recomendaren, no seu caso, aos pais ou representantes legais do alumno ou ás instancias públicas competentes, a adopción das medidas necesarias.
  - Determinaranse as medidas necesarias para que a non asistencia á clase non repercuta no rendemento académico do alumnado afectado.
- c) Cada titor terá na clase un rexistro mensual no que especificará as anotacións de faltas e incidencias do alumnado.
- d) Ou ben o titor ou o mestre que se atope co alumno, anotará no rexistro a falta cometida, escoitado o titor no derradeiro caso.
- e) Á terceira falta o titor comunicará á xefatura de estudos as incidencias. Así mesmo, informarase aos pais/nais ou titores legais para tratar de poñer solución ao problema xurdido.

No caso de repetirse a incidencia convocarase aos pais/nais ou titores legais desde a dirección do Centro.

## CONDUTAS CONTRARIAS ÁS NORMAS DE CONVIVENCIA E CORRECCIÓNS

Serán obxecto de corrección disciplinaria as condutas contrarias ás normas de convivencia realizadas polo alumnado dentro do recinto escolar ou durante o desenvolvemento de actividades complementarias e extra- escolares, así como durante a prestación dos servizos de comedor e transporte escolar.

Poderán corrrixirse de maneira disciplinaria as condutas do alumnado que, aínda realizadas fóra do recinto escolar, estivesen motivadas ou directamente relacionadas coa vida escolar e afectasen aos seus compañeiros ou compañeiras ou a outros membros da comunidade educativa e, en particular, as actuacións que constitúan acoso escolar con arranxo ao establecido polo artigo 28 da lei 4/2011. “Considérase acoso escolar calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo dun alumno ou alumna por outro, outra ou outros, xa sexa de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que tiveran causa nunha relación que xurda no ámbito escolar”.

As posibles condutas contrarias ás normas de convivencia realizadas mediante o emprego de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan conexión coa actividade escolar, considéranse incluídas no ámbito de aplicación da lei 4/2011.

## CONDUTAS GRAVEMENTE PREXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA

Considéranse condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes:

- a) As agresións físicas ou psíquicas, as injurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.
- b) Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- c) Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.
- d) A gravación, a manipulación e a difusión por calquera medio de imaxes ou información que atenten contra o dereito á honra, á dignidade da persoa, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.
- e) As actuacións que constitúan acoso escolar.
- f) A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou substracción de documentos académicos.
- g) Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e materiais dos centros docentes, incluídos os equipos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa substracción.
- h) Os actos inxustificadas que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extra escolar.
- i) As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro, ou a incitación ás mesmas.
- j) Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou negativa a entregar os obxectos a que se refire o apartado terceiro do artigo 11 da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa cando se é requirido para iso polo profesorado.
- k) A reiteración, nun mesmo curso, de condutas leves contrarias á convivencia.
- l) O incumprimento das sancións impostas.

## CONDUTAS LEVES CONTRARIAS Á CONVIVENCIA

Considéranse condutas leves contrarias á convivencia:

- a) As condutas tipificadas como agresión, injuria ou ofensa no apartado a), os actos de discriminación do apartado b), os actos de indisciplina do apartado c), os danos do apartado g), os

actos inxustificados do apartado h) e as actuacións prexudiciais descritas no apartado i) do artigo anterior que non alcancen a gravidade requirida no devandito precepto.

- b) Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro perigoso para a saúde ou a dignidade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa ou que perturbe o normal desenvolvemento da actividades docentes, complementarias ou extra- escolares, cando non constituía conduta gravemente prexudicial para a convivencia de acordo co apartado j) do artigo anterior.
- c) A non asistencia inxustificada a clase e as faltas reiteradas de puntualidade, nos termos establecidos polas normas de convivencia do centro.
- d) A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento preciso para participar activamente no desenvolvemento das clases.

### PRESCRICIÓN DAS CONDUTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA

1. As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes tipificadas nesta sección prescriben aos catro meses da súa comisión e as condutas leves contrarias á convivencia, ao mes.
2. O prazo de prescrición comezará a contarse desde o día en que a conduta se eleve a cabo, salvo cando se trate dunha conduta continuada, en cuxo caso o prazo de prescrición non empezará a computarse mentres aquela non cese.
3. No caso das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado ou da interesada, do procedemento para a corrección da conduta, e continuarase o cómputo do prazo de prescrición no caso de producirse a caducidade do procedemento.

### CORRECCIÓNS DE CONDUTAS CONTRARIAS

#### MEDIDAS CORRECTORAS DAS CONDUTAS GRAVEMENTE PREXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA

As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes poden ser corrixidas coas seguintes medidas:

- a) Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.
- b) Suspensión do dereito a participar nas actividades complementarias ou extra- escolares do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.
- c) Cambio de grupo.
- d) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- e) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- f) Cambio de centro.

## MEDIDAS CORRECTORAS DAS CONDUTAS LEVES CONTRARIAS Á CONVIVENCIA

As condutas leves contrarias á convivencia poden ser corrixidas coas seguintes medidas:

- a) Amoestación privada on por escrito.
- b) Comparecencia inmediata ante a xefatura de estudos.
- c) Realización de traballos específicos en horario lectivo.
- d) Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.
- e) Suspensión do dereito a participar nas actividades complementarias ou extra- escolares do centro por un período de ata dúas semanas.
- f) Cambio de grupo por un período de ata unha semana.
- g) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- h) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

[http://www.edu.xunta.es/portal/sites/web/files/mapa\\_procedemento\\_corrector.pdf](http://www.edu.xunta.es/portal/sites/web/files/mapa_procedemento_corrector.pdf)

[http://www.edu.xunta.es/portal/sites/web/files/procedemento\\_corrector\\_orientacions.pdf](http://www.edu.xunta.es/portal/sites/web/files/procedemento_corrector_orientacions.pdf)

[http://www.edu.xunta.es/portal/sites/web/files/procedemento\\_corrector\\_modelos\\_normalizados.pdf](http://www.edu.xunta.es/portal/sites/web/files/procedemento_corrector_modelos_normalizados.pdf)

### **9. AS NORMAS ESPECÍFICAS PARA O FUNCIONAMENTO DA COMISIÓN DE CONVIVENCIA DO CENTRO, A SÚA COMPOSICIÓN, A PERIODICIDADE DAS REUNIÓNS E O PLAN DE ACTUACIÓN E, DE SER O CASO, DA AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA OU DA ESCOLA DE NAIS E PAIS.**

A Comisión de Convivencia estará integrada por:

- Director do centro
- Xefa de Estudos.
- Un/a representante do profesorado.
- Un/a representante de nais e pais.

A Comisión de Convivencia reunirse, polo menos, unha vez ao trimestre para analizar as incidencias producidas, as actuacións realizadas e os resultados conseguidos, así como, elevar ao Consello Escolar propostas para a mellora da convivencia.

A Comisión de Convivencia elaborará, ao rematar cada curso escolar, a correspondente memoria do plan de convivencia do centro, de acordo cos datos e coas conclusións extraídos do proceso de seguimento e avaliación e coas propostas de mellora que se consideren necesarias.

#### Aula de convivencia inclusiva

A aula de convivencia inclusiva ten como función substituír o tempo de expulsión do alumnado que estivese temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro, como consecuencia da imposición de medidas correctoras, buscando a reincorporación á súa propia aula no menor tempo posible.

A dirección do centro será o órgano competente para ditar a resolución pola que se acorda que un alumno ou alumna sexa atendido ou atendida na aula de convivencia inclusiva, garantindo, en todo caso, o trámite de audiencia aos pais, nais, titores ou titoras, se fose menor de idade non emancipado/a.

O profesorado que atenderá a aula de convivencia inclusiva, dentro do seu horario regular de obrigada permanencia no centro, será profesorado de garda. Para a atención da aula de convivencia contarase coa colaboración do Departamento de Orientación.

O Departamento de Orientación programación actuacións encamiñadas a favorecer un proceso de reflexión por parte do alumnado atendido na aula de convivencia inclusiva, que favorezan actitudes responsables e condutas positivas para a convivencia.

O horario e localización da aula establecerao a Xefatura de Estudos tendo en conta os espazos dispoñibles e de xeito que se incida do menor xeito posible nas actividades lectivas ordinarias. O profesorado titor coa colaboración do Departamento de Orientación facilitará o material didáctico preciso para o seu funcionamento.

### **10. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNA NO CENTRO, COAS FAMILIAS E CON OUTROS CENTROS EDUCATIVOS OU ORGANISMOS DO CONTORNO.**

As actuacións recollidas no presente Plan deberán levarse a cabo baixo os principios de colaboración e coordinación de todos os sectores da comunidade educativa implicados en cada unha delas.

Os órganos de coordinación docente, no seu ámbito de competencia, serán responsables de incorporar nas súas actuacións as medidas e os acordos adoptados, de conformidade co que estableza o plan de convivencia e as normas de convivencia do centro.

Os órganos de coordinación docente incluirán as medidas e os acordos relacionados coa convivencia nos documentos institucionais do centro, concretamente nas concrecións curriculares

de etapa, para asegurar a coherencia destes co proxecto educativo do centro e a programación xeral anual.

O centro establecerá a coordinación cos servizos sociais locais en todos aqueles casos nos que se require a intervención dos mesmos. A información que se intercambia e as intervencións máis comúns están relacionadas coa atención e o seguimento das minorías desfavorecidas, alumnado inmigrante, determinación de axudas de diversa índole, situacións de familias con dificultades, etc.

A través do departamento de Orientación coordinaranse as actuacións de acollida do alumnado que se vaia incorporar ao IES de adscrición do centro.

### Control do absentismo escolar.

Coa finalidade de establecer unhas pautas elaborouse o Protocolo para a prevención e o control do absentismo escolar en Galicia, que ten un carácter básico e de referencia (cada centro educativo, dentro da súa competencia e autonomía, pode adaptalo á súa realidade).

Protocolo para a prevención e o control do absentismo escolar en Galicia:

<http://www.edu.xunta.es/portal/node/11632>

## **11. ESTRATEXIAS PARA REALIZAR A DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA.**

Ademais das actuacións recollidas nos distintos apartados, o Plan de Convivencia estará disposición da Comunidade Educativa na páxina web do centro.

No momento da súa aprobación e ao inicio de cada curso a dirección do centro informará desta circunstancia.

## **12. PROCESOS DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN DE CONVIVENCIA.**

Corresponde á Comisión de Convivencia o seguimento e coordinación do Plan de Convivencia. A Comisión de Convivencia reunirse, polo menos, unha vez ao trimestre para analizar as incidencias producidas, as actuacións realizadas e os resultados conseguidos, así como, elevar ao Consello Escolar propostas para a mellora da convivencia.

Os equipos docentes, o Claustro de profesores e a Asociación de Nais e Pais achegarán as súas conclusións e propostas de mellora para a convivencia no centro á Comisión de Convivencia.

A Comisión de Convivencia elaborará, ao rematar cada curso escolar, a correspondente memoria do plan de convivencia do centro, de acordo cos datos e coas conclusións extraídos do proceso de seguimento e avaliación e coas propostas de mellora que se consideren necesarias. O consello escolar, en pleno, por proposta da súa comisión de convivencia, aprobará a memoria do plan de convivencia elaborada por esta. Esta memoria formará parte da memoria anual do centro.

## BASE LEXISLATIVA

O marco lexislativo de referencia para a elaboración da Estratexia para a convivencia escolar en Galicia é amplo. Desde o punto de vista das referencias normativas cómpre considerar:

- Constitución española.
- Declaración Universal de Dereitos Humanos, tratado internacional ratificado por España (BOE 10/10/1979).
- Lei orgánica 1/1981, de 6 de abril, de Estatuto de autonomía de Galicia.
- Lei 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación.
- Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.
- Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.
- Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.
- Lei 27/2005, de 30 do novembro, de fomento da educación e a cultura da paz.
- Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación coas modificacións introducidas pola Lei orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.
- Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.
- Convención internacional sobre os dereitos das persoas con discapacidade (3 de maio de 2008) ]
- Lei 4/2011, do 30 de xuño de convivencia e participación da comunidade educativa.
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.
- Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.
- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.
- Orde do 16 de abril de 2015 pola que se nomean os membros do Consello para a Convivencia Escolar da Comunidade Autónoma de Galicia.



*Este Plan de Convivencia foi avaliado positivamente por unanimidade polo Claustro e aprobado por unanimidade polo Consello Escolar do CEIP Francisco Vales Villamarín, o día 26 de xaneiro de 2016.*